

A large, white, stylized letter 'C' logo, positioned in the upper left corner of the image. The background is a close-up photograph of a wooden structure, possibly a window frame or a door, with a green leaf visible on the right side.

Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 20 de agosto ao 1 de setembro 2020

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Dirección artística: Belén Bermejo López

Redacción: Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación e deseño: Sirgo Torcendo

Maquetación: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasón S.L.

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

En Santiago de Compostela a música acompaña, desde sempre, ao son da pedra e ao canto da choiva. Forma parte do noso patrimonio material e inmaterial. Vémola no legado do Mestre Mateo, nos 24 músicos esculpidos no Pórtico da Gloria; e escoitámola nos versos e partituras que nos deixaron os trobadores medievais. Sequera o tempo que pasamos confinados por mor da alerta sanitaria, ou a incerteza e preocupación deses días, altera unha tradición musical que agora comezamos a retomar coa “nova normalidade”.

De Lugares e Órganos é unha desas citas que houbo que suspender temporalmente, pero que agora se reprograma tendo en conta as restriccións de aforo e as medidas sanitarias e de hixiene necesarias para evitar contaxios. Volveremos escoitar, en directo, repertorios medievais, pezas relixiosas e profanas nas que se visibiliza a pegada feminina na historia da música. E volveremos emocionarnos con sutilezas melódicas mesturadas con complexos xogos rítmicos; e ata co ruído da rúa como acompañamento da creación sonora. Espazos como a igrexa de San Fiz de Solovio, a igrexa da Universidade, San Paio de Antealtares; combínanse con escenarios de rúa, con actividades e con encontros arredor do patrimonio organístico e das súas músicas.

Quería convidaros a todas e a todos a participar, nesta nova normalidade, deste espectáculo que é De Lugares e Órganos; a desfrutar, unha edición máis, da paisaxe musical de Compostela. A descubrir como esa música para órgano, tecida ao longo da historia, une emocións, sentimentos, países e persoas. Esperámosvos do 20 de agosto ao 1 de setembro, con todo un universo sonoro neste escenario Patrimonio da Humanidade que é Santiago de Compostela.

Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela



Meses despois da cancelación da quinta edición desta cita cos espazos e os órganos de Compostela, congraciámonos de podervos saudar de novo, coa arela, máis ca nunca, de volver a escoitar e sentir a música ao vivo. Foron meses de incerteza e preocupación, de dor pola perda de xentes queridas, de inquedanza polos perigos de retroceso no económico e social, de impotencia por sentir como a normalidade dos nosos días se vía alterada de vez. Os meses de confinamento puxéronnos diante dun espello no que puidemos ver con claridade a imaxe da vulnerabilidade da condición humana. Situacións como esta fannos reflexionar sobre o verdadeiro sentido das cousas e dos días, que semellan quedar detidos na anguria da incerteza.

Neste proceso evidenciouse o absolutamente necesaria que é a creación artística para atopar resposta ao que nos aproxima ao baleiro na propia existencia e aplacar así esa pugna entre tensión e desgana da que falaba Schopenhauer: Desenvolver a faceta artística da persoa ou partillala cos demais axudounos a sobrelevar os días cunha ansia de normalidade. Pero, pasados os peores momentos, é tempo de volver, dispostas a encetar esta nova etapa na que, con responsabilidade cívica, poidamos volver a desfrutar das cousas que nos enchían. E entre elas, con certeza, está a música.

A programación suspendida en abril volve agora practicamente inalterada grazas a inestimables e múltiples esforzos. Os da institución que sustenta a iniciativa, a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago e o seu persoal, os das formacións que, con pesar, viron como quedaban aparcadas as súas propostas laboriosamente traballadas durante meses e os dos equipos de produción que, sempre na sombra, traballan arreo dispostos a saltar á acción e a habilitar a escena para que todo estea a punto en calquera momento.

E é así que vos convidamos a participar, dentro das restriccións de aforos e medidas de hixiene que garanten a saúde pública, dos contidos desta nova programación pensada para Compostela e para todas aquelas persoas dispostas a aliarse coa cidade, na aventura da descuberta dos lugares e dos órganos que forman parte da súa paisaxe.

Belén Bermejo
Directora artística do festival De Lugares e Órganos



PROGRAMACIÓN PRINCIPAL

CONCERTO DAS DONAS

Domingo 23 de agosto, 20.30 h, igrexa da Universidade

Páx. 08

XOÁN-XIL LÓPEZ & ANDRÉS CEA

Mércores 26 de agosto, 20.30 h, igrexa da Universidade

Ás 19.30 h, preparación para a escoita

Páx. 10

VAN EYCK PROJECT

Domingo 30 de agosto, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

Páx. 12

TASTO SOLO

Martes 1 de setembro, 20.30 h, igrexa de San Fiz de Solovio

Páx. 14

OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

Páx. 16

DA ARTE DE COMPOÑER ÓRGANOS. UNHA OLLADA RETROSPECTIVA CARA A RECUPERACIÓN DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Xoves 20 de agosto, 17.30 h, Museo do Pobo Galego

MATINÉS 20'

Venres 21 de agosto, 12.30 h, igrexa das Ánimas

Martes 25 de agosto, 12.30 h, igrexa de San Miguel dos Agros

Páx. 18

MÁIS QUE MÚSICA

O ÓRGANO SAE Á RÚA

Páx. 20

Luns 31 de agosto, Vide Vide!, 19.30 h

Xoves 27 de agosto, igrexa da USC, 12.00 h

ESPAZOS E ÓRGANOS

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 24

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 26

IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Páx. 28

IGREXA DAS ÁNIMAS

Páx. 30

IGREXA DE SAN FIZ DE SOLOVIO

Páx. 32

Retirada de entradas:

As entradas para as actividades e concertos son de balde. Compre retirar a invitación a partir do 17 de agosto de 2020. A canle retirada de convites preferente será a través de compostelacultura.gal, podendo retirarse tamén na billeteira do Teatro Principal. Máximo 2 convites por persoa.

O acceso farase por orde de chegada ata completar a capacidade de cada espazo, segundo as normas de aplicación xeral para a prevención do contaxio do COVID-19.

A apertura de portas terá lugar media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades. Nos exteriores da porta de acceso respectarase as distancias interpersoais de seguridade evitando aglomeracións. Será obrigatorio o uso de máscara e xel desinfectante, segundo as normas de aplicación xeral. En todo momento, respectarase as indicacións do persoal de produción encargado de acomodar ao público e a sinalización establecida para acceso e saída dos espazos.



Mestre das medias figuras femininas,
Tres mulleres músicas,
County Museum of Art-Os Anxeles (EUA)
Wikipedia. Dominio Público.

CONCERTO DAS DONAS

MÚSICA

Igrexa da Universidade
Domingo 23 de agosto, 20.30 h

A PEGADA MUSICAL FEMININA

MULLERES COMpositoras DOS SS. XVII E XVIII

Concerto das Donas é un conxunto instrumental, de nova creación, liderado pola violinista María José Pámpano, que toma o seu nome do grupo de intérpretes femininas activo a finais do Renacemento na cidade italiana de Ferrara e coñecido como "Concerto delle donne", un grupo de mulleres destacadas polo seu virtuosismo técnico e artístico, que traballaban baixo os auspicios do duque de Ferrara. Entre os obxectivos desta formación musical está o da visibilización da pegada feminina na historia da música, a cotío silenciada.

Nesta ocasión, o grupo presenta unha singular proposta que trata de afondar na obra instrumental de compositoras do Barroco como Isabella Leonarda ou Élisabeth Jacquet de La Guerre. As súas integrantes estarán acompañadas ao órgano pola organista e profesora do conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, Alejandra Escolante.

Elena Vázquez, violín barroco
Ana Pazos, corneto e trompeta
Carlos García Amigo, violonchelo barroco
María José Pámpano, violín barroco
e dirección

Alejandra Escolante, órgano



XOÁN-XIL LÓPEZ & ANDRÉS CEA GALÁN

MÚSICA

Igrexa da Universidade

Mércores 26 de agosto, 20.30 h

Ás 19.30 h preparación para a escoita

ORGANSCAPE

VARIACIÓNS PARA O REI-LÚA*

O artista sonoro e compositor, Xoán-Xil López, presenta unha obra inspirada no texto do mesmo título, incluído no poemario *O Poeta Asasinado*, do escritor francés Guillaume Apollinaire. O ciclo afonda na idea da representación da nosa contorna audible a través dunha serie de pezas escritas para órgano e unha instalación sonora creada para a ocasión. Os ruidos da rúa, tranvías, fábricas, campañas, tambores de ronda, o canto do galo que anuncia a alba... Partindo dunha serie de gravacións de campo, propias e alleas, realizadas en diferentes localizacións xeográficas, componse un ciclo de obras breves mediante procesos de análise e resíntese que adaptan a realidade e as súas paisaxes sonoras ás peculiaridades do repertorio orgánico.

As composicións complementáanse cunha instalación titulada *Organismo I*, unha sorte de autómatas que trata de emular certos sons naturais mediante o uso de elementos acústicos accionados polo aire dun fol. É por iso que, con anterioridade ao concerto, teremos oportunidade de coñecer as claves que nos axudarán a orientar a escoita desta peza contemporánea. Conversaremos co creador e mais co intérprete, o organista Andrés Cea, co fin de nos achegar tamén ao proceso compositivo e contemplar, de preto, a instalación sonora creada para a ocasión. O talento creativo de Xoán-Xil López únese á xenialidade artística e interpretativa do músico e investigador Andrés Cea, nunha creación única da que teremos o privilexio de ser testemuñas.

Xoán-Xil López, creación sonora
e composición
Andrés Cea, órgano

**Estrea absoluta e concepto creado en exclusiva para o ciclo De Lugares e Órganos*



VAN EYCK PROJEKT

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Domingo 30 de agosto, 20.30 h

TRÍPTICO

TRES RETRATOS PARA A DEVOCIÓN EN HONRA DA NOBRE DAMA

O Proxecto Van Eyck, liderado pola gambista Elizabeth Rumsey, conta nesta ocasión co virtuoso organista Brett Leighton e a soprano Sabine Lutzenberger para presentar un delicado programa de músicas cheo de sutilezas melódicas e complexos xogos rítmicos, que explora as conexións entre a lírica do amor cortés de comezos do século XV e as cancións dedicadas á veneración de María. O simbolismo da rosa, do lirio, a estrela refulxente, son temas comúns aos dous xéneros, como tamén o é a actitude do poeta, que suplica o favor da dona, nun xogo de amor que semella, en ambos os dous casos, inalcanzábel.

Ciconia, entre outros, o programa trata de recrear os sons dun órgano gótico, cun acompañamento instrumental e vocal que responde a moitos dos modelos iconográficos e pinturas da época na que foron compostas estas obras, nomeadamente as pinturas de Jan van Eyck, que dá nome ao grupo.

Sabine Lutzenberger, voz
Elizabeth Rumsey, fídula
Brett Leighton, órgano

Composto por cancións sacras e profanas de grandes mestres dos séculos XIV e XV como Gilles Binchois, Guillaume Dufay ou Johannes



TASTO SOLO

MÚSICA

Igrexa de San Fiz de Solovio

Martes 1 de setembro, 20.30 h

A FLOR EN PARADIS

LITURXIA E *FIN'AMOR* NA *ARS ANTIQUA*

Tasto Solo presenta un cativador programa, no que se exploran as orixes da polifonía en Europa, a través dunha variada selección de motetes, compostos a mediados do século XIII, xunto a outras pezas características da *Ars Antiqua* e comezos da *Ars Nova* como o *organum-florido* (canto gregoriano ornamentado con "flores" segundo a terminoloxía medieval), secuencias latinas, pezas instrumentais e extractos do *Ordinarium Missae*, procedentes do *Codex Montpellier* ou do *Códice de Las Huelgas*.

O programa está interpretado ao órgano portativo por un dos seus máis virtuosos intérpretes, Guillermo Pérez, acompañado pola soprano americana Anne-Kathryn Olsen, seguindo a práctica medieval da "intabulación"

na que o pequeno órgano tanxe as voces inferiores, mentres que a cantante interpreta o canto superior. Este instrumento, que foi unha icona durante a Idade Media para desaparecer completamente a comezos do século XVI, posúe unha enorme riqueza en canto ás súas posibilidades expresivas, sendo capaz de producir sublimes sons cun timbre fermoso e único. Ámbolos dous intérpretes son quen de recrear paisaxes sonoras históricas a través dunha viaxe acústica, na que o *organetto* renace en novos contextos para revivir os tempos máis refulxentes do seu pasado musical.

Anne-Kathryn Olsen, voz
Guillermo Pérez, órgano portativo

DA ARTE DE COMPOÑER ÓRGANOS

OUTRAS PAISAXES

UNHA OLLADA RETROSPECTIVA CARA Á RECUPERACIÓN DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Da man do experto en conservación e restauración de órganos, Óscar Laguna, un dos membros do equipo que traballou na recuperación de órganos como os da igrexa da Universidade, San Palo ou Iria Flavia, botaremos unha ollada en retrospectiva aos froitos dos traballos de restauración que se emprenderon nas últimas décadas na nosa cidade. Con el conversaremos para coñecer de preto os pormenores do seu oficio, para saber do que é o antes e o despois dunha restauración e para facer unha valoración á luz dos resultados destes proxectos décadas despois.

Óscar Laguna colaborou durante máis de 20 anos no obradoiro de Gerhard Grenzing, en Barcelona, especializándose nas tarefas de harmonización e

restauración. Na actualidade, desde a súa propia empresa, realiza actividades de restauración e conservación de órganos, colaborando con igrexas, catedrais e museos en España e no estranxeiro. Ademais, colabora como asesor en diversos proxectos de recuperación de órganos históricos. É tamén profesor da materia de Fundamentos de Organería, no Máster de Órgano da Escola Superior de Música de Cataluña.

Data e hora: Xoves 20 de agosto, 17.30 h

Lugar: Coro alto de San Domingos de Bonaval
(entrada polo Museo do Pobo Galego)



OUTRAS PAISAXES

MATINÉS 20'

Venres 21 de agosto, 12.30 h,
igreja das Ánimas.

Organo: María José Cerviño

Martes 25 de agosto, 12.30 h,
igreja de San Miguel dos Agros.

Organo: Andrés Cea

Un novo formato de concerto de 20 minutos de duración, que permitirá achegarse doutra maneira á música para órgano e coñecer, ao tempo, os seus intérpretes. Nesta ocasión, serán o sevillano Andrés Cea e a compostelá María José Cerviño os anfitrións que nos permitirán descubrir os órganos de San Miguel dos Agros e da igrexa das Ánimas. Para iso, interpretarán e presentarán un repertorio da súa escolla, achegándonos igualmente ao seu oficio de organista, cada un desde a súa peculiar perspectiva.



O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

Para aquelas persoas que queiran afondar nos contidos da programación, coñecer de preto os artistas ou catar un pouco daquilo que imos ver e escoitar e, ao tempo, descubrir outras paisaxes da cidade, o órgano sae novamente á rúa con novas actividades e encontros arredor do patrimonio organístico e as súas músicas.

ENCONTRO CON GUILLERMO PÉREZ (TASTO SOLO)

Encontro informal, conversa e música ao vivo con Guillermo Pérez, un dos máis afamados intérpretes de órgano portátil, co que conversaremos para achegármolos a este fascinante e descoñecido instrumento, símbolo do esplendor da Italia florentina do *Trecento*

Data e hora: Luns 31 de agosto 19.30 h
Lugar: Vide Vide! Espazo enocultural
Fonte de Santo Antonio, 10

EFERVESCENCIA DOSES DE CIENCIA SEN CONTRAINDICACIÓNS

Data e hora: Xoves 27 de agosto, 12.00 h
Lugar: Igrexa da Universidade

Efervescencia é un programa de divulgación científica da Radio Galega creado polo científico e comunicador Manuel Vicente. Producido pola Universidade de Santiago de Compostela coa colaboración da FECYT, desde a súa primeira tempada, en 2006, polos seus microfónos teñen pasado máis de 1500 investigadores de todas as ramas do coñecemento. A ciencia e a tecnoloxía tamén forman parte da nosa cultura, porque nos axudan a entender o mundo no que vivimos e é por iso que un dos selos distintivos do programa sexa explorar os nexos da ciencia coa vida cotiá, coas artes e coa cultura contemporánea. De aí que, *Efervescencia*, se teña emitido desde museos, bares, praias, festas populares, un cárcere, barcos ou mesmo desde o interior dun dolme.



Nesta ocasión, o programa será gravado na igrexa da Universidade, onde se atopa un órgano de tubos de 1802, e nel exploraranse as conexións entre a física, a acústica e a historia co mundo dos órganos e a música, contando para a ocasión coa colaboración dos organistas Erea Blanco e Andrés Cea.

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ARREDOR DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Durante todo o período de programación, en escaparates de diferentes establecementos comerciais da cidade.



O ÓRGANO DA IGREXA DA COMPAÑÍA OU DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo, a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, "diante da imaxe da Virxe preñada", é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun "realexo" (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña, Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, que xa traballara en Galicia entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de Santiago

de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesán local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Merries, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organería histórica galega.



O ÓRGANO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha "peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois".

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior,

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada "cadeireta interior", que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na cadeireta, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organería, no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construído ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organería peninsular.



O ÓRGANO DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Non é frecuente no noso país atopar órganos nas igrexas parroquiais. O órgano é un instrumento caro, tanto na súa fabricación como no seu mantemento, xa que require unha man de obra moi especializada. Ademais, obriga ao pago dun organista. Os poucos que atopamos están localizados, xeralmente, naquelas vilas nas que o concello contribuía, dalgunha maneira, ao ornato da parroquia, para un maior esplendor das festas relixiosas nas que participaba. Cara a mediados do século XIX, tamén as parroquias máis ricas das cidades comezan a ter o seu órgano. En Compostela, a moi antiga parroquia de San Miguel tiña unha economía saneada en virtude da acumulación de doazóns e fundacións dos seus fregueses e, daquela, no século XIX, puido afrontar o gasto de contar cun órgano.

Trátase neste caso dun órgano de proporcións modestas, pero axeitado para o templo no que se atopa. Foi construído polo que daquela era organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Mernies, en 1842, e foi restaurado en 2001 polo taller de organería dos irmáns

Desmottes. Responde en todo ao prototipo de órgano barroco ibérico que se asentaría na Península cara fins do século XVII. Construíuse o órgano ao tempo que se remodelaba a igrexa, ao que contribuíu activamente o seu párroco, Xosé Velázquez Carbajal. O contrato foi outorgado o 9 de novembro de 1841 e nel, ademais dos rexistros dos que debe constar o instrumento, especificábase o seu custo: 11.500 reais. O órgano estaba rematado en agosto de 1842, cando se lle fai o último pago ao organeiro e se lle dá unha propina de 500 reais. Mernies, canda o seu oficial José Linares, seguiría encargándose do mantemento e afinación do órgano, e mesmo da reposición dalgún cano que fora roubado, até a súa morte, en 1853. A fins do século XX o instrumento estaba moi deteriorado e totalmente inutilizable. Tivo que ser, de novo, outro teimudo preste, o actual párroco don Jaime López Ramón, quen, non sen moito pelexar, lograse xuntar os cartos precisos para a súa restauración. E é grazas á colaboración de todas esas persoas, conectadas pola música a través de tres séculos, que hoxe podemos desfrutar de novo deste fermoso e nobre instrumento.



O ÓRGANO DA IGREXA DAS ÁNIMAS

Ademais da Catedral e da gran cantidade de mosteiros da cidade, houbo historicamente en Compostela outros clientes que moitas veces adquirían para si un órgano: as confrarías. Naturalmente, só as que tiñan rendas e recursos económicos suficientes podían permitirse un instrumento como este e, en calquera caso, tratábase de instrumentos máis cativos que os da Catedral ou os dos mosteiros máis importantes. Porén, temos noticia, desde bastante cedo, de que a Confraría do Rosario (con sede en San Domingos de Bonaval) tiña un órgano e contribuía a manter os restantes órganos do convento. Tamén quedan restos dun órgano, sufragado pola Confraría da Nosa Señora do Socorro, na capela lateral de igual nome, da igrexa de San Martiño Pinario. E a motivos similares respondía a presenza dun instrumento na capela da Confraría dos Clérigos do Coro da Catedral.

Así pois, cando se remata a Igrexa de Ánimas, sede da Confraría das Ánimas, esta decide dignificar o magnífico templo e as súas celebracións dotándoa dun órgano. Nun primeiro momento (xaneiro de 1855) encargáraselle

a Santiago Tafall, organeiro da Catedral e daquela un dos máis importantes organeiros peninsulares. Este gañaría o concurso convocado para súa construción. Porén, debido á súa sona, Tafall estaba naquela altura ocupado en obras de moita envergadura: entre 1855 e 1864 intervirá, entre outros, nos órganos grandes de todas as catedrais de Galicia a excepción da de Tui. Por iso, a obra das Ánimas queda sen facer. Non será ata 1880 (segundo consta na caixa do instrumento) que o órgano quede rematado, da man doutro organeiro compostelán, Ramón Cardama, do que non temos moitos datos máis alá das intervencións que fixo na cidade. Dentro da súa caixa neogótica, o órgano segue nas súas características a estética do órgano barroco ibérico, escola na que probablemente se formase (e, en certo modo, "militase") o seu organeiro, nun momento no que o chamado órgano romántico xa acadara unha ampla difusión por toda Europa. Foi restaurado recentemente polo obradoiro de organería dos irmáns Desmottes, atópase nun excelente estado de conservación e é outra interesante peza do rico panorama dos órganos de Compostela.



A IGREXA DE SAN FIZ DE SOLOVIO

A igrexa de San Fiz de Solovio forma parte dunha unidade parroquial xunto coa de Santa María Salomé. É dicir, o párroco é, desde hai séculos, común ás dúas parroquias. É unha das igrexas de máis fonda tradición xacobeá da cidade xa que, segundo a tradición, neste lugar tiña o seu eremitorio Paio, o eremitaño que viu as luminarias que advertían da localización do enterramento do Apóstolo. Trátase dunha das igrexas e parroquias máis antigas da cidade, mandada construír polo bispo Sisnando aló polo século X. Destruída polas tropas de Almanzor, na súa famosa *razzia* polo noroeste do ano 997, tivo que ser reconstruída e o bispo Xelmírez edificaría unha igrexa de estilo románico. Porén, nada resta daquel templo salvo o ben coñecido tímpano gótico coa Adoración dos Reis Magos, engadido no século XIV, que ve pasar a diario por diante del as moitas persoas que van cara ao mercado. A igrexa foi reconstruída en estilo barroco no século XVIII e sobresaí desta época a torre co campanario, obra de Simón Rodríguez. Precisamente, ese campanario serviu de modelo a José Crespo para deseñar o de Salomé, que é moi similar. Este feito é unha proba máis do discorrer paralelo destas dúas igrexas, como tamén o é a súa orixe común de carácter xacobeo, pois hai que lembrar que Salomé, segundo a interpretación tradicional cristiá dos textos evanxélicos, tería sido nai dos apóstolos Santiago e Xoán.

Non temos noticias de posibles actividades musicais na igrexa de Solovio, probablemente porque as principais funcións se celebrasen na de Salomé, moito máis céntrica e que, ademais, contaba entre os seus fregueses con moitos burgueses de Compostela. Proba disto último é a existencia dunha importante confraría en Salomé, a da Soidade, que, no domingo de Paixón e polo día da súa patroa, adoitaba pagar á Catedral para que esta lle cedese un órgano portátil, un realexo. Este instrumento era tocado polos organistas da Catedral a só ou acompañando músicos e cantores da capela catedralicia, que tamén acudían á celebración. Como curiosidade, podemos apuntar que está documentado que, o día 12 de abril de 1761, participaría nesta igrexa, nunha función especial en acción de grazas despois do terremoto do 31 de marzo, a Capela da Catedral. O tremor foi moi sonado en toda a costa atlántica, aínda baixo os efectos do famoso terremoto de Lisboa de 1755. Estímase que tivo unha magnitude bastante grande, de 7,5 graos na escala Richter, e deixouse sentir por toda Galicia. Dos 174 reais gastados ese día, a maior parte dedicouse aos músicos, que cobraron un total de 124 reais, na "*siesta, letania, Tedeun, y Alavado*". Un día con traballo dabondo.





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _D. Carlos Carrasco Guerrero, párroco da igrexa de San Miguel dos Agros
- _D. Santiago Ferreiro Fernández, párroco da igrexa das Ánimas
- _D. Jaime López Ramón, párroco da igrexa de San Miguel dos Agros
- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Arquidiocese de Santiago de Compostela
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto





COLABORAN



MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN



VIDE, VIDE!
ESPAZO INDOCULTURAL
VIDEONET



Silva de sonS

